



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL COIRÓS

Exposición pública do padrón de augas do terceiro trimestre de 2021

ANUNCIO

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de novembro de 2021, aprobouse o padrón da taxa municipal de abastecemento e saneamento de auga, do terceiro trimestre de 2021. Polo que se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102,3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, durante o prazo de quince días, a contar dende o seguinte ao da publicación de presente edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para que se poidan presentar as reclamacións que se consideren oportunas. De non presentarse reclamación algunha entenderase aprobado definitivamente.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de reposición ante este Concello no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo a interpoñer ante os Tribunais Contencioso Administrativos, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública.

O canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais. A falta de pago do canon no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos de notificación expresa, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, e do anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005 Regulamento Xeral de Recadación.”

Coirós, 10 de novembro de 2021

O ALCALDE

Asdo.: Francisco Quintela Requeijo

2021/7999